



Don Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, xerente do Servizo Galego de Saúde, nomeado por Decreto 121/2014, do 25 de setembro, en uso das facultadas outorgadas polo artigo 5 do Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, EXPÓN:

A Instrución 18/2012, do 27 de novembro de 2012, ditada conxuntamente pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, regula a Tarxeta sanitaria ou documento de prestación da asistencia sanitaria "AA" e o protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de determinadas patoloxías, para favorecer a accesibilidade e ou acompañamento no Servizo Galego de Saúde.

A instrución cuarta de dito documento indica que no momento da súa firma se encontraban declaradas como patoloxías nas que debe favorecerse a accesibilidade e o acompañamento: os trastornos xeneralizados do desenvolvemento de Espectro Autista e o Alzheimer. Non obstante se recolle expresamente a posibilidade de que o Servizo Galego de Saúde poida incluír outras patoloxías, comunicando aos centros sanitarios e ás unidades xestoras con responsabilidade neste proceso de atención, a aplicación ás mesmas dos procedementos e protocolos regulados na instrución.

En consecuencia co manifestado,

#### ACORDO

- I. A declaración de "Discapacidade intelectual grave asociada a trastornos de conduta e/ou problemas de comunicación" como patoloxía na que debe favorecerse a accesibilidade e o acompañamento e a aplicación á mesma da Instrución 18/2012, do 27 de novembro, con efectos desde o día 21 de marzo de 2017.
- II. A comunicación de dita declaración aos centros sanitarios e ás unidades xestoras con responsabilidade no proceso de atención.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

P.A





LISTADO DE PATOLOXÍAS ÁS QUE É DE APLICACIÓN A INSTRUCIÓN 18/2012, 27 DE NOVEMBRO DE 2012 QUE REGULA A TARXETA SANITARIA OU DOCUMENTO DE PRESTACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA "AA" E PROTOCOLO DE ACOLLIDA E PACIENTES DIAGNOSTICADOS DE DETERMINADAS PATOLOXÍAS, PARA FAVORECER A ACCESIBILIDADE E O ACOMPAÑAMENTO NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO DE ESPECTRO AUTISTA
- ALZHEIMER
- PARÁLISE CEREBRAL
- DISCAPACIDADE INTELECTUAL GRAVE ASOCIADA A TRASTORNOS DE CONDUTA E/OU PROBLEMAS DE COMUNICACIÓN